

CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CERDIDO REUNIDO O DÍA VINTE E OITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL ONCE

No salón de sesións da Casa do Concello de Cerdido, ás once horas e sete o minutos do vinte e oito de febreiro de 2011, reúnen-se, baixo a presidencia de Dona Ana Rodríguez Montero como Alcaldesa do Concello, en primeira convocatoria os concelleiros que se citan a continuación: Don José Cupeiro Fernández que se ausenta as catorce horas no punto de rogos e preguntas. Dona María del Mar García Gundín, Don Carlos Rodríguez Fraguela, Dona María José López Lamigueiro que se ausenta as doce horas e corenta minutos no debate do punto 5 antes da votación, Don Roberto Óscar López López,, Don Benigno Galego Castro e Don Cándido Prieto Lago que se ausenta as doce horas e vinte e cinco minutos no debate do punto 5 antes da votación. Non asiste Don Jairo Orjales Sande, Actúa de Secretaria Dona Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debate-los asuntos da orde do día:


1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DO PLENO REUNIDO O DIA VINTE DE DECEMBRO DE 2010 E CATORCE DE FEBREIRO DE 2011. Os membros do Pleno non fixeron observacións algunha polo que se considera aprobada.

2.- PROPOSTA DE DESAFECTACIÓN DO USO PÚBLICO O TRAMO DO CAMIÑO T-029 SOLICITADO POR HORTICINA S.A Lida a proposta da Alcaldía do tenor seguinte: Logo da solicitude formulada por D. Miguel Mato Agrofojo, en representación de Horticina S.A de desafectar do uso publico o identificado como tramo c do vial T-029 por considerar que o citado vial nunca tivo función de comunicación entre lugares dado que no ten saída cara o final, tendo unicamente un uso de comunicación dentro da parcela e dado que hoxe todas as parcelas da zona son dun único propietario considerase que o citado tramo do vial xa non cumpre coa finalidade pública de acceso o que foi destinado. Considerando o disposto no informe técnico e xurídico que aparecen no expediente e aceptados os motivos en que se fundamenta a solicitude formulada e dado que queda acreditada a legalidade e oportunidade da desafectación proposta; esta Alcaldía o abeiro do disposto artigo 8 do Regulamento de bens das entidades locais aprobado por Real Decreto 1372/1986 e do artigo 22,2,1 da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases de réxime local propón ó Pleno o seguinte acordo: **PRIMEIRO.** Aprobar provisionalmente a alteración da cualificación xurídica do ben inmovible identificado como tramo c do vial T 029 do inventario de bens do concello, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial. **SEGUNDO.** Anunciar o acordo de aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se realicen as alegacións que se consideren pertinentes. **TERCEIRO.** Considerar este acordo como definitivo, se non se presentasen alegacións en prazo. **CUARTO.** Cando o presente acordo sexa definitivo, reflectir na rectificación anual do Libro Inventario de Bens da Corporación a alteración da cualificación xurídica

que sufriu o ben inmobile.**QUINTO.** Realizar o acto de recepción formal do ben inmobile que foi desafectado, de conformidade co artigo 8.3 do Regulamento de Bens das Entidades Locais. Cerdido, 21 de febreiro de 2011.A Alcaldesa. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior.** Seis votos a favor dos Concelleiros Don José Cupeiro Fernández, Dona María del Mar García Gundín, Don Carlos Rodríguez Fraguela, Dona María José López Lamigueiro votación, Don Roberto Óscar López López e o voto da Sra. Alcaldesa e dúas abstencións dos Concelleiros Don Benigno Galego Castro e Don Cándido Prieto Lago.

A Alcaldesa afirma que o camiño esta no Alto na Mina e xa non ten uso como tal.

3.- MOCIÓN PRESENTADA POR D. ROBERTO OSCAR LÓPEZ LÓPEZ, PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DE BNG SOBRE A APLICACION DO DECRETO DO CARBON. Lida pola Secretaria a moción que se transcribe a continuación: ”Os contidos do R. Decreto polo que se crea o procedemento de resolución de restricións por garantía de subministro — socialmente coñecido como “Decreto do Carbón” - leva provocado unha forte controversia, tanto polo seu impacto na estratexia enerxética do Estado Español, como tamén polas súas previsíbeis repercusións nos consumidores e na situación das comarcas mineiras. No que respecta aos dous primeiros apartados, a aposta pola xeración eléctrica a partir do denominado “carbón autóctono” - altamente contaminante — resulta claramente contraditoria cos obxectivos de reducir as emisións de CO₂ e favorecer o desenvolvemento das enerxías limpas e sostíbeis, racionalizando os custos do sector eléctrico. A propia “Comisión Nacional de la Competencia” advertira que coa aplicación deste decreto podería xerarse un importante encarecemento do prezo da electricidade nos mercados maioristas, coa conseguinte repercusión nos consumidores. Unha situación, por certo, asumida polo propio goberno do estado como unha das razóns da suba do recibo da luz que tivemos que asumir desde comezos deste ano. Pero ademais, a decisión de priorizar o “carbón autóctono” vai afectar gravemente á actividade económica das centrais térmicas como as situadas en As Pontes e Meirama, que tiñan apostado pola utilización de carbón importado por mor do progresivo esgotamento dos xacementos mineiros próximos ás centrais, máis tamén pola redución de emisións que produce o uso de carbón de importación e os menores custos económicos. Agora, estas centrais, logo de facer grandes investimentos para adaptar as súas instalacións, vén a súa actividade futura ameazada, co conseguinte impacto nunhas comarcas altamente dependentes desta actividade económica. A necesaria aposta polo desenvolvemento integral e sostíbel das comarcas mineiras debe acometerse, por unha banda, sen comprometer o deseño dunha estratexia enerxética coherente e, por outro, asegurando unha igualdade de trato para todas; para o que cumpre ter en conta as súas características distintas. Pois ben, sobre este asunto, hai poucos días o propio Goberno do Estado recoñecía que o R. Decreto repercutirá negativamente nas centrais térmicas de As Pontes e Meirama afirmando explicitamente que “pode supor unha redución da produción, pero non o seu peche”. Con estes antecedentes, o pasado día 4 de Febreiro celebrábase unha reunión da Mesa Estatal do Carbón, na que se acordaba o desenvolvemento de toda a normativa legal necesaria para a aplicación efectiva do Decreto do Carbón para o que, segundo o Ministerio de Industria, só quedaría que a Xunta de Galiza retirase o recurso interposto perante o Tribunal de Luxemburgo. Esta actitude por parte do goberno do estado — que



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

fala de solidariedade ao par que deixa ao pairo, máis unha vez, os intereses galegos — pretende ademais orquestrar unha campaña de presión política para que, en definitiva, Galiza renuncie a defender o normal funcionamento das centrais térmicas de As Pontes e Meirama; aceptando pasivamente a súa práctica paralización, a cambio dunhas presuntas compensacións coa entrada no futuro Plan do Carbón. Neste sentido, partindo da defensa do noso dereito a producir; e asumindo tamén o carácter estratéxico que o sector enerxético representa para o presente e o futuro da nosa comarca — tanto no ámbito económico como na defensa dos postos de traballo — propomos ao pleno da corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:1º- Instar aos gobernos do Estado e da Xunta a iniciar unha negociación política, fora do ámbito xudicial, sobre da base dos seguintes principios:1.1.- Necesidade de revisar os contidos do Real Decreto 1221/2010 coñecido como do Carbón- para evitar os graves prexuízos que a súa tramitación e posterior aplicación ten e terá na produción das centrais térmicas alimentadas con carbón de importación e a economía das comarcas onde están implantadas. Dita revisión deberá resultar na distribución de forma equitativa da redución na produción que conlevará a cota reservada ao «carbón nacional», entre tódalas tecnoloxías de xeración, coa excepción das renovábeis, e non só nas centrais térmicas alimentadas polo carbón de Importación e as de ciclo combinado.1.2.- Como compensación dos efectos negativos que terá a aplicación do RD 1221/2010, aínda coa modificación enunciada no punto 1.1, Galiza recibirá a totalidade dos fondos do Plan Miner 2006-2012 asinados ate a data e pendentes de transferir, e, no caso de acordarse a aplicación dun novo Plan Miner a partires do 2012, este deberá ser de aplicación, en todos os seus efectos, nas comarcas mineiras galegas.1.3.- A chamada comisión de Seguimento deberá modificar a súa finalidade e composición, de tal xeito que o seu obxectivo será o de materializar o sinalado nos puntos 1.1 e 1.2, coa plena participación, con voz e voto, da Xunta, organizacións sindicais máis representativas no sector enerxético galego e grupos políticos con representación no Parlamento Galego.2º- Dar traslado do presente acordo aos Presidentes dos gobernos do Estado e da Xunta, e ás/aos deputadas/os e ás/aos senadoras/es galegas/os no Congreso e no Senado. Cerdido, 14 de Febreiro de 2011.Asdo. Roberto Óscar López e López. Os **membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a moción anterior.**


O Concelleiro D. Roberto o. López López explica que é coñecido por todos como afecta o tema do carbón na comarca dado que a central de As Pontes era unha das que mais producía o que conlevaba moitos postos de traballo directos e moitos sectores implicados.A situación actual da central é que esta case paralizada e sen expectativas de futuro.Esta moción pretende recoñecer á central a posibilidade de producir mais, o que melloraría o tecido industrial de toda a comarca.

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro engade que a central xa producía pouco antes de entrar en vigor o Decreto e manifesta o seu apoio a moción e manifesta que dende o PSdeG están a traballar no tema xunto o Ministerio de Industria

O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago afirma que hai unha caída de demanda enerxética e non so do carbón e que a central traballa dependendo da demanda que haxa.

A **Alcaldesa** anuncia o seu apoio a moción como tamén apoio as manifestación que se fixeron.

4.- Moción presentada por D. Roberto Oscar López López, portavoz do grupo municipal de BNG sobre a privatización das caixas de aforro. Leida pola Secretaria a moción que se transcribe a continuación: “ Ao tempo que se está a iniciar a andaina da nova caixa de aforros galega, logo de acometer un proceso de integración que conta cun alto grado de consenso dos axentes sociais de Galiza, e que ten por obxectivo primordial seguir dotando a Galiza dun instrumento financeiro solvente ao servizo da economía do país, o Goberno Central vén de formular unha proposta de reforma do sistema financeiro que avanza cara a privatización das caixas de aforro e implica unha mudanza substancial de dito proceso e aboca a “Novacaixagalicia” a transformarse nun banco privado. A decisión do Goberno Central non ten fundamentos técnicos ou económicos, é exclusivamente política, e ten coma orixe a absoluta subordinación do Goberno do Estado aos intereses do capital financeiro. Constitúe un chanzo máis no proceso de consolidación do capital financeiro, auténtico detonante da actual crise económica polas súas prácticas especulativas guiadas por un afán de obter enormes lucros por riba da evolución da economía real, e que agora quere saír reforzado incidindo claramente no sistema público de pensións e nas propias caixas de aforro. O BNG vén advertindo do deseño adoptado polo Goberno Central, consensuado co PP, que fomentaba a desterritorialización, bancarización e privatización das caixas de aforro, plasmando tanto na creación do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB), como na aprobación dunha reforma express da normativa ordenadora dos órganos reitores das caixas de aforro, que serven de marco xurídico de referencia no cal se sustenta agora a nova reforma deseñada polo Goberno Central. Perante iso, o BNG promoveu unha reforma da Lei de caixas de aforro de Galiza cuxa finalidade é a de colocar o aforro galego ao servizo do tecido produtivo do país e ademais defendemos desde o primeiro momento a fusión galega como ferramenta clara do reforzo e blindaxe do sistema financeiro galego. Mais agora, ese resultado de contarmos cunha única caixa de aforros galega está en cuestión, certamente por unha repentina actuación unilateral do Goberno Central e do Banco de España, mais tamén polo amparo que lle outorga o marco xurídico deseñado logo dos cambios legais que, consensuados polo PSOE e PP, foron acometidos ao longo dos últimos dous anos. Galiza non pode ficar impasíbel perante a tentativa de quedar sen unha caixa de aforro que se encargue de nutrir o financiamento necesario para o tecido produtivo do país, onde as empresas e emprendedores galegos obteñan os recursos precisos para facer viábeis os proxectos que crean valor, riqueza e emprego en Galiza. A privatización da nosa caixa galega significaría a desaparición dun sistema financeiro galego propio. Sen dúbida, constituiría unha apropiación indebida da caixa de aforros galega aos seus lexítimos propietarios, as institucións e impositores, para permitir a absorción do aforro galego polos poderes financeiros alleos a este país. Alén diso, a privatización das caixas de aforro non vai resolver a crise económica actual, senón que pola contra vana agudizar ao reforzar máis o poder do capital financeiro privado en detrimento das maiorías sociais que se sumirán nunha fonda crise social. No BNG estamos convencidos que é o momento de defender os intereses de Galiza, reclamando tamén ao Presidente da Xunta de Galiza que se poña á fronte da contestación do deseño dun novo mapa financeiro que non respecta nin a galegitude, nin a vocación social da nova caixa de aforros galega, e faga valer o consenso acadado



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

na sociedade galega a prol dunha caixa de aforros que cumpra dun xeito efectivo o seu papel social de contribución ao impulso da economía produtiva do país. Polo exposto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO: 1. Rexeitar frontalmente as pretensións do Goberno do Estado de privatizar e bancarizar a nosa caixa galega (Novacaixagalicia). 2. Solicitar do Goberno do Estado a retirada do denominado “Plan de reforzamento do sector financeiro” no que atinxe ás caixas de aforro. 3. Reclamar do Goberno da Xunta de Galiza que defenda as competencias estatutarias de Galiza, actuando decididamente para evitar que o proceso de reestruturación das caixas de aforro galegas leve aparelada a entrada de capital privado nos seus órganos de decisión e a transformación nun banco privado. 4. Expresar o compromiso inequívoco en manter o vixente modelo de caixas de aforro, con vocación social e vinculación territorial, e demandar dos Gobernos central e galego que eviten calquera tentativa para que as caixas de aforros sexan alleadas en favor da banca privada e do capital financeiro. Cerdido, 31 de Xaneiro de 2011. Asdo. Roberto Óscar López e Portavoz do G.M. do BNG. Os **membros do pleno en votación ordinaria e por maioría dos presentes prestaron aprobación a moción anterior**. Un voto a favor do Concelleiro D. Roberto O López López e sete abstencións dos Concelleiros Don José Cupeiro Fernández, Dona María del Mar García Gundín, Don Carlos Rodríguez Fraguela, Dona María José López Lamigueiro Don Benigno Galego Castro e Don Cándido Prieto Lago.

O Concelleiro D. Roberto O. López López explica que a situación actual é grave dado que a caixa galega ven de realizar unha media dun 50% da actividade económica do país. O cambio de normativa a fundamenta o Goberno central pola actual crise económica pero a realidade é outra, as caixas teñen problemas pola mala xestión e polo seu funcionamento pouco claro pero no caso galego a situación no é tan mala. Da a sensación de que non hai xogo limpo porque outras caixas como a Catalana, as do País Vasco e Caixa Madrid estaban mais preparadas, coincidindo estas caixas cos grupos parlamentarios do que se require apoio en Madrid. Se a caixa galega acaba en mas privadas, a oficina de Cerdido pechará e para concellos como o noso, ter a caixa é un apoio económico importante.


O Concelleiro D. Benigno Galego Castro afirma que o que se lle pide as caixas é transparencia para saber a súa solvencia nos mercados, as caixas deben ser un apoio para os veciños pero na práctica non se ve dado que recentemente veu no xornal que novacaixagalicia unicamente da prestamos os seus clientes e entende que hai varias opcións e non so que se converta nun banco privado.

A Alcaldesa manifesta que segundo o que ven no xornal este é un proceso que non ten volta atrás e anuncia que coa fusión das caixas a oficina de Cerdido permanece e explica que este é un problema de ter mais capital, que pode vir de fora sempre que se conserve como caixa. Dende o Partido Popular manifestan a necesidade de ter unha caixa en Galicia pero se espera a saber o contido exacto do Decreto que regule este tema que aínda non esta aprobado

O Concelleiro D. Roberto o. López López afirma que as diferentes condicións con que se dan os prestamos a clientes e non clientes sempre existiu e entende que si entra capital privado aínda que non sexa en porcentaxe maioritario imperaran os criterios da banca privada polo cambiaría o fondo social, nas caixas hai un reparto social e nos banco non, non se pode deixar facer, e a Xunta debe defender as competencias que ten polo Estatuto. Hai interese para que un banco se faga coa caixa, non interesa a solución de que a propia caixa faga un banco e entende que o Presidente da Xunta non pode deixar que se pisoteen as competencias da xunta e debería plantear unha cuestión de inconstitucionalidade sobre este asunto, como se fixo con outros.

O concelleiro Cándido Prieto Lago expón que tamén se recibiu en Cerdido, fondo social da Caixa dado que se deu unha subvención a promacer

5- Moción presentada por D. Roberto Oscar López López, portavoz do grupo municipal de BNG sobre a suba de bens de primeira necesidade:Luz gas auga. Lida a moción presentada do tenor literal seguinte: A actual situación de crise económica está a provocar maiores dificultades económicas en moitos fogares galegos e, neste contexto, non se debe cargar ás economías familiares con subidas no custo dos seus consumos básicos. Xusto o contrario do que están a facer o Goberno do Estado e a Xunta de Galiza. O Goberno do PSOE continúa despregando a súa política antisocial, ao servizo da grande banca e, neste caso, das grandes eléctricas. A decisión de subir un 9,8 por cento o recibo da luz e en torno ao 4% o gas é un duro golpe para as economías máis modestas, isto é, para aqueles sectores sociais que xa están a sufrir as peores consecuencias da crise, que son os mesmos que non tiveron nada que ver coa xeración da crise, a mans dun Goberno que prometeu por activa e por pasiva que a factura da crise non a pagaría a maioría social. A medida é especialmente lesiva para Galiza porque, ademais de termos menores salarios e pensións que o promedio do Estado, o 30% do incremento da suba debese, tal e como recoñeceu o propio Goberno do PSOE, á entrada en vigor do Decreto do Carbón. Ou sexa, que non só este Decreto vai representar a parálise das centrais térmicas galegas e a destrución de miles de postos de traballo, senón que aínda por enriba os consumidores galegos terán que financiar, vía incremento do prezo da electricidade, as perdas que esa parálise vai producir ás empresas eléctricas. Somos así dobremente “pagáns”, porque pagamos a electricidade máis cara e porque as nosas centrais deixarán de producir por unha decisión política do Goberno do PSOE que, máis unha vez, antepón os intereses das concas mineiras de Asturias e León aos de Galiza. Unha decisión do Goberno do PSOE que en ningún caso foi contestada adecuadamente polo PP, que recentemente votou xunto co PSOE no Senado contra unha iniciativa do BNG para modificar o Decreto do Carbón. Ademais, cómpre recordar que Galiza é produtora excedentaria de enerxía eléctrica, cun desenvolvido sector eólico e con produción hidráulica e térmica, que teñen un forte impacto ambiental no país. Non obstante, os beneficios para Galiza destas instalacións son máis ben escasos, ao non ter Galiza autonomía financeira e, xa que logo, recadarse de xeito centralizado os tributos, principalmente o de sociedades. O Goberno do PSOE xustifica a medida na existencia dun déficit tarifario, isto é, no feito de que o recibo da luz supostamente non cubre os custos de produción. Este déficit é o resultado da aplicación dunha Lei Eléctrica irracional que só beneficia as grandes eléctricas. Con esta Lei, o prezo da enerxía non reflicte o custo real de produción con cada tecnoloxía



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

(hidráulica, nuclear, gas natural, fuel, etc). E o quilovatio máis caro o que marca o prezo de todos os quilovatios, con independencia de canto custase a produción de cada un deles. Así, o déficit existe por unha lexislación promovida en 1997 polo Goberno do PP de Aznar, que fai un uso ineficiente dos recursos, ao servizo do sector privado de xeración eléctrica. De feito, os beneficios das grandes eléctricas son hoxe maiores que cando se ligaba o prezo da enerxía ao custo real de produción de cada unha das tecnoloxías. Isto é o que explica que o prezo da electricidade sexa máis caro no Estado español que en estados da UE máis desenvolvidos, como Francia, Finlandia ou o Reino Unido. O Goberno da Xunta de Galiza do PP segue esta mesma política de incrementar o custo dos servizos básicos para a cidadanía, Así, acaba de aprobar en solitario unha lei de augas que contén dous novos tributos, o canon da auga e o coeficiente de vertido, coa única intención de aumentar a recadación, a costa de familias e particulares. Xa no primeiro ano de aplicación destes dous novos tributos, a Xunta de Galiza, prevé duplicar a recadación prevista polo canon de saneamento para o ano 2010, cun incremento de preto de 35 millóns de euros. Unha persoa que viva soa e que teña un consumo medio, duns 3 m³. ao mes, verá como a carga tributaria do seu recibo da auga se incrementa en máis dun 363%; e unha familia de tres membros, con ese mesmo consumo por persoa, terá que soportar un incremento do 171%. Non hai política máis antisocial que incrementar o custo de servizos básicos nun contexto de forte crise económica, e por isto mesmo, opoñémonos á suba do prezo da electricidade, do gas e ás modificacións contempladas na Lei de Augas de Galiza, que incrementarán o custo da auga. Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte: 1. Instar ao Goberno do Estado a: • Dar marcha atrás á subida da luz e gas decretada polo Goberno, de xeito que en ningún caso o seu prezo se incremente por riba do IPC. • Modificar a actual Lei Eléctrica, de xeito que se clarifique o custo real da xeración de enerxía. • Modificar o Decreto do Carbón, de xeito que non prexudique ás centrais galegas das Pontes e Cerceda. 2. Instar ao Goberno da Xunta de Galiza a modificar a Lei de Augas, de xeito que, de ningunha maneira, supoña un incremento da carga impositiva na situación actual de crise. Cerdido, 19 de Xaneiro de 2011. Asdo. Roberto Óscar López e López. Portavoz do G.M. do BNG. **Os membros do pleno en votación ordinaria e por maioría dos presentes prestaron aprobación a moción anterior.** Seis votos a favor do Concelleiros D. Roberto O López López Don José Cupeiro Fernández, Dona María del Mar García Gundín, Don Carlos Rodríguez Fraguela, Dona María José López Lamigueiro e a Sra. Alcaldesa e unha abstencións do Don Benigno Galego Castro


6.- Moción presentada pola portavoz do grupo municipal do Partido Popular sobre a subida do recibo da luz acordada o primeiro trimestre de 2011. Leída a moción que se transcribe deseguido: O inicio do ano 2011 non podía comezar peor para as maltreitas economías dos fogares e das empresas galegas. A nefasta política económica do presidente Zapatero esmaga aos contribuíntes con subidas dos bens de primeira necesidade como a luz e o gas, nun 10% e un 4% respectivamente. Desde que governa o Partido Socialista, a luz non parou de subir, así dende o ano 2006 o recibo da luz subiu mais dun 40%, mentres que cando gobernou o Partido Popular entre 1996 e 2004 o recibo da luz baixou un 14,2%, moi por riba da media da UE. Esta nova subida da luz é

unha mostra máis do fracaso da política enerxética socialista. Neste sentido compre destacar que un terzo da subida experimentada a principios deste ano 2011 é consecuencia da aplicación do Real Decreto que prima o carbón nacional, que ten un maior custe e menor capacidade calorífica que o importado, que é o que se utiliza nas centrais galegas de As Pontes e Cerceda. Os galegos e as galegas non se merecen este novo castigo do Goberno de España que se engade á baixada dos salarios, á conxelación das pensións, á subida de impostos, ao incremento do prezo da gasolina e do gasóleo e a supresión dos incentivos fiscais á compra de vivenda, do cheque bebé e da axuda de 426 euros ós desempregados de longa duración. O Partido Popular valora esta subida como grave prexuízo á capacidade adquisitiva de fogares, autónomos, empresas e PEMES, por iso consideramos que é necesario un gran pacto en política enerxética que aporte estabilidade a un dos factores de competitividade máis importantes para a nosa economía, como é a do custe da enerxía. Polo exposto anteriormente, se somete ao Pleno do Concello de Cerdido... a adopción dos seguintes **ACORDOS:** Pleno do Concello de Cerdido.- Manifesta o seu rexeitamento á subida unilateral acordada polo goberno na Resolución que establece o custo de produción de enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso a aplicar no primeiro trimestre de 2011.- Insta ao Goberno de España a alcanzar un gran pacto en política enerxética que permita acometer unha reforma integral do sistema eléctrico en España de forma que non sexan os consumidores os que teñan que pagar a factura da aposta polo carbón nacional e que tanto prexudica aos intereses de Galicia- Insta ao Goberno de España a conxelar o recibo da luz durante o ano 2011, xa que a electricidade é un ben de primeira necesidade que afecta directamente a toda a poboación, así como a competitividade das nosas empresas e, por tanto, ás súas expectativas de creación de emprego. **Os membros do pleno en votación ordinaria e por maioría dos presentes prestaron aprobación a moción anterior.** Seis votos a favor do Concelleiros D. Roberto O López López Don José Cupeiro Fernández, Dona María del Mar García Gundín, Don Carlos Rodríguez Fraguela, Dona María José López Lamigueiro e a Sra. Alcaldesa e un voto en contra de Don Benigno Galego Castro

Dado o contido parecido das mocións cinco e seis, a alcaldesa autoriza a un debate conxunto solicitado polo Concelleiro Roberto O. López López

O Concelleiro D. Roberto o. López López afirma que existen unha subida do gas e da luz por parte do Goberno Central e a creación dunha nova taxa por parte da Xunta, xustificándose en que sono deficitarios en produción de enerxía eléctrica a nivel estatal, pero Galicia produce mais do que gasta pero se paga o mesmo prezo que noutras comunidades autónomas que non producen nada e consumen mais ca nos. En canto a moción do Partido Popular explica que non propón nada e unicamente se afirma que os socialistas son malos esquecéndose que a auga é un ben de primeira necesidade e coa nova lei de augas vaise cobrar. En canto a xustificación da subida eléctrica polo déficit tarifario non ten consistencia porque no ano 2003/2004 non houbo déficit tarifario e a luz subiu tamén

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro pregunta a Alcaldesa se lle pode definir o concepto de déficit tarifario e entende que a subida da luz ven motivada por un Decreto do ano 1997 no que gobernaba o Partido Popular, explica que o recibo da luz ten dous



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

compoñentes, o primeiro esta composto polo custo da luz que ven marcado polos mercados internacionais e outro é a peaxe do uso da rede que é o marca o goberno, esta custe esta conxelado no ano 2011. Se sobe a luz é porque sobe o custo,o goberno o que esta intentando e eliminar o déficit tarifario. Pregunta si se pode aprobar punto por punto cada moción e explica que o seu voto vai a ser en contra da moción do Partido Popular polo argumentos que expón.

A Alcaldesa afirma que o déficit tarifario é cando a tarifa eléctrica non cubre o custo de produción e engade que segundo información que lle remite o partido, non se vai a cobrar polo pozos de auga.

O Concelleiro D. Roberto O. López López engade que o déficit tarifario non casa con que as empresas eléctricas teñan tantos beneficios, si gañan cartos non venden a enerxía por debaixo do seu valor de produción tampouco casa con que as empresas eléctricas contraten o Sr. Aznar e o Sr. Felipe González por unha suma importante e logo lle suban os recibos os usuarios, o que é importante é diferenciar as diferentes formas de produción de enerxía. Anuncia que o seu voto vai a ser de aprobación da moción do Partido Popular porque non resta e entende que no seu contido se queda corta.


7.- Moción presentada por D. Roberto Oscar López López, portavoz do grupo municipal de BNG sobre os recortes sociais do Estado e a Xunta de Galicia. Lida a moción que se transcribe a continuación: A actual situación de crise económica está a provocar maiores dificultades económicas en moitos fogares galegos e, neste contexto, non se debe cargar ás economías familiares con subidas no custo dos seus consumos básicos. Xusto o contrario do que están a facer o Goberno do Estado e a Xunta de Galiza. O Goberno do PSOE continúa despregando a súa política antisocial, ao servizo da grande banca e, neste caso, das grandes eléctricas. A decisión de subir un 9,8 por cento o recibo da luz e en torno ao 4% o gas é un duro golpe para as economías máis modestas, isto é, para aqueles sectores sociais que xa están a sufrir as peores consecuencias da crise, que son os mesmos que non tiveron nada que ver coa xeración da crise, a mans dun Goberno que prometeu por activa e por pasiva que a factura da crise non a pagaría a maioría social. A medida é especialmente lesiva para Galiza porque, ademais de termos menores salarios e pensións que o promedio do Estado, o 30% do incremento da suba debese, tal e como recoñeceu o propio Goberno do PSOE, á entrada en vigor do Decreto do Carbón. Ou sexa, que non só este Decreto vai representar a parálise das centrais térmicas galegas e a destrución de miles de postos de traballo, senón que aínda por enriba os consumidores galegos terán que financiar, vía incremento do prezo da electricidade, as perdas que esa parálise vai producir ás empresas eléctricas. Somos así dobremente “pagáns”, porque pagamos a electricidade máis cara e porque as nosas centrais deixarán de producir por unha decisión política do Goberno do PSOE que, máis unha vez, antepón os intereses das concas mineiras de Asturias e León aos de Galiza. Unha decisión do Goberno do PSOE que en ningún caso foi contestada adecuadamente polo PP, que recentemente votou xunto co PSOE no Senado contra unha iniciativa do BNG para modificar o Decreto do Carbón. Ademais, cómpre recordar que Galiza é produtora excedentaria de enerxía eléctrica, cun

desenvolvido sector eólico e con produción hidráulica e térmica, que teñen un forte impacto ambiental no país. Non obstante, os beneficios para Galiza destas instalacións son máis ben escasos, ao non ter Galiza autonomía financeira e, xa que logo, recadarse de xeito centralizado os tributos, principalmente o de sociedades. O Goberno do PSOE xustifica a medida na existencia dun déficit tarifario, isto é, no feito de que o recibo da luz supostamente non cubre os custos de produción. Este déficit é o resultado da aplicación dunha Lei Eléctrica irracional que só beneficia as grandes eléctricas. Con esta Lei, o prezo da enerxía non reflicte o custo real de produción con cada tecnoloxía (hidráulica, nuclear, gas natural, fuel, etc). E o quilovatio máis caro o que marca o prezo de todos os quilovatios, con independencia de canto custase a produción de cada un deles. Así, o déficit existe por unha lexislación promovida en 1997 polo Goberno do PP de Aznar, que fai un uso ineficiente dos recursos, ao servizo do sector privado de xeración eléctrica. De feito, os beneficios das grandes eléctricas son hoxe maiores que cando se ligaba o prezo da enerxía ao custo real de produción de cada unha das tecnoloxías. Isto é o que explica que o prezo da electricidade sexa máis caro no Estado español que en estados da UE máis desenvolvidos, como Francia, Finlandia ou o Reino Unido. O Goberno da Xunta de Galiza do PP segue esta mesma política de incrementar o custo dos servizos básicos para a cidadanía, Así, acaba de aprobar en solitario unha lei de augas que contén dous novos tributos, o canon da auga e o coeficiente de vertido, coa única intención de aumentar a recadación, a costa de familias e particulares. Xa no primeiro ano de aplicación destes dous novos tributos, a Xunta de Galiza, prevé duplicar a recadación prevista polo canon de saneamento para o ano 2010, cun incremento de preto de 35 millóns de euros. Unha persoa que viva soa e que teña un consumo medio, duns 3 m3. ao mes, verá como a carga tributaria do seu recibo da auga se incrementa en máis dun 363%; e unha familia de tres membros, con ese mesmo consumo por persoa, terá que soportar un incremento do 171%. Non hai política máis antisocial que incrementar o custo de servizos básicos nun contexto de forte crise económica, e por isto mesmo, opoñémonos á suba do prezo da electricidade, do gas e ás modificacións contempladas na Lei de Augas de Galiza, que incrementarán o custo da auga. Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:

1. Instar ao Goberno do Estado a:
 - Dar marcha atrás á subida da luz e gas decretada polo Goberno, de xeito que en ningún caso o seu prezo se incremente por riba do IPC.
 - Modificar a actual Lei Eléctrica, de xeito que se clarifique o custo real da xeración de enerxía.
 - Modificar o Decreto do Carbón, de xeito que non prexudique ás centrais galegas das Pontes e Cerceda.
2. Instar ao Goberno da Xunta de Galiza a modificar a Lei de Augas, de xeito que, de ningunha maneira, supoña un incremento da carga impositiva na situación actual de crise.

Cerdido, 19 de Xaneiro de 2011. Asdo. Roberto Óscar López e López. Portavoz do G.M. do BNG. Os **membros do pleno en votación ordinaria e por maioría dos presentes prestaron aprobación a moción anterior**. Un voto a favor do Concelleiro D. Roberto O López López e seis abstencións dos Concelleiros Don José Cupeiro Fernández, Dona María del Mar García Gundín, Don Carlos Rodríguez Fragueta, Dona María José López Lamigueiro Don Benigno Galego Castro.

O Concelleiro D. Roberto O. López López explica que se debe cambiar a moción dado que reforma xa esta aprobada pero pensa que é útil porque é necesario que se saiba a opinión dos concellos sobre a reforma realizada. En Cerdido hai un numero importante de xubilados que teñen unha pensión moi baixa polo que a medida vai



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

supoñer unha cadea en toda a actividade do concello. A administración do Estado xustifica a reforma das pensión na situación actual de crise pero isto non é certo, no día de hoxe aínda que hai mais parados a seguridade social ten mais cartos que antes porque hai mais numero de traballadores, a seguridade social ten superávit, tamén se xustifican nos pais como Grecia, Portugal o España porque tiñan un gasto excesivo, pero é un gasto social e isto para o capitalismo é malo. Non nos adaptamos os países do entorno como Francia onde a idade de xubilación é de 62 anos. As previsión son falsas porque as empresas que fan os estudio están relacionadas con empresas de seguros privados, cálculos de economistas e catedráticos independentes din que estes datos son falsos. En canto so recortes realizados polo Xunta entende que non se pode recortar nos sectores que menos teñen

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro discrepa dos datos dado, que Francia ten a xubilación ós 67, pero podéndose retirar os 62 pero no co 100% da pensión, Dinamarca tamén pasa de 65 a 67, Alemania de 65 a 67 e Rino Unido tamén o reformou, engade que as pensión subiron un 60% dende o cambio de computo de período de cotización de 8 a 15 anos.

A Alcaldesa afirma que ten diferentes datos dado que a xunta aumento o 3% o importe adicado o RISGA e anuncia a súa abstención por non coincidir cos datos dados.


8.-Moción presentada por D. Roberto Oscar López López, portavoz do grupo municipal de BNG sobre o acceso veciñal a internet mediante tecnoloxía 3G. Lida a moción que se transcribe a continuación: Na actual idade o noso concello non ten cubertas convenientemente as necesidades da veciñanza en materia de telecomunicacións, ficando moitos lugares sen cobertura de sistema ADSL de Internet, por non dispor as empresas os medios técnicos necesarios. Para paliar isto, algúns veciños botamos man dos sistemas inarámicos USB. Malia isto, só acadamos unha cobertura de 53'6KB, que non permite unha navegación e descarga minimamente rápida e axeitada ás posibilidades técnicas actuais. E isto débese ao feito de que as empresas que dispoñen de antenas repetidoras no noso concello non teñen instaladas nas mesmas a chamada "tecnoloxía 3G", o que permitiría acadar unha velocidade de navegación de, ao menos, 1 MB, velocidade medianamente axeitada para unha descarga e transmisión de datos minimamente áxil. Como queira que de momento non se espera que poidamos disfrutar do acceso a internet a traveso da liña telefónica convencional coidamos interesante que o concello se poña en contactos coas empresas de telecomunicacións que teñen instaladas antenas no noso concello, nomeadamente Telefónica e Vodafone, para que instalen nas mesmas a chamada "tecnoloxía 3G". É por todo isto que propoñemos ao pleno o seguinte acordo: 1. Que o concello se dirixa as empresas Movistar (antes Telefónica) e Vodafone solicitándolles as melloras técnicas necesarias en "tecnoloxía 3G", que permitan unha mellora no acceso a internet a traveso de sistemas USB. 2. Dirixirse así mesmo, tanto á Dirección General de Telecomunicaciones do Ministerio de Industria como á Consellaría de Industria da Xunta de Galiza, comunicándolles as eivas en materia de comunicacións citadas nesta moción e pedíndolles a súa mediación ante as nomeadas empresas para acadar destas a instalación

dos medios técnicos de “tecnoloxía 3G” que permitan unha mellora nas comunicacións até que a totalidade dos lugares do concello dispoñan de acceso a internet mediante o sistema de telefonía convencional. Cerdido, 24 de Xaneiro de 2011.sdo. Roberto Óscar López e López. Portavoz do G.M. do BNG. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a proposta anterior**

9.- -Moción presentada por D. Roberto Oscar López López, portavoz do grupo municipal de BNG relativa ao aproveitamento veciñal do transporte escolar. Lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: A falta de liñas regulares de transporte público sumada á configuración rural do noso concello limita a mobilidade veciñal. Neste momento só están dispoñíbeis ao público as liñas de autobuses que circulan pola estrada de Ferrol-Viveiro e o tren de FEVE. Mais, sen embargo, non existe ningunha liña que permita intercomunicar a nosas parroquias dos Casás á A Barqueira e Cerdido e viceversa. Existe tamén a posibilidade de usar o transporte escolar da escola da A Barqueira, tanto en dirección á A Barqueira como da A Barqueira aos diferentes lugares polos que transcorren as rutas do bus, dentro do Programa de Transporte Escolar Compartido “Tes +Bus”. Mais o nomeado programa só abrangue as rutas de bus ao CEIP da A Barqueira e non as do transporte escolar que transcorren entre o noso concello e o IES Punta Candieira de Cedeira. O que ampliaría, non só, as comunicacións internas entre os distintos lugares do noso concello polos que circulan as diferentes rutas deste transporte escolar, senón que, ademais, permitiría a nosa veciñanza poderse desprazar a Vila de Cedeira. Por todo o exposto, propoñemos ao pleno municipal o seguinte ACORDO: Solicitar da Xunta de Galiza, en particular das Consellarías de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte e Educación e Ordenación Universitaria, a inclusión no Plan Tes+Bus de Transporte Escolar Compartido de Galiza das rutas de transporte escolar do IES Punta Candieira que transcorren polo noso concello, de ser posíbel, dende iste mesmo curso. Cerdido, 1 de Febreiro de 2011.Asdo. Roberto Óscar López e López. Portavoz do G.M. do BNG. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a proposta anterior**

10.-, Dar conta dos Decretos da Alcaldía. A Secretaria deu lectura a relación de decretos que se transcribe a continuación:

Nº	Data	Descrición
Decembro		
247	14/12/2010	Recurso contencioso – administrativo presentado por AGADISGAS
248	14/12/2010	Contratación auxiliar de axuda a domicilio por baixa de traballadora
249	15/12/2010	Inicio de expediente de contratación para construción dunha nave para almacén
250	16/12/2010	Remisión de documentación ó xulgado e interesados polo recurso contencioso – administrativo
251	17/12/2010	Aportación do concello ó plan de pensións
252	20/12/2010	Autorización de uso da Casa da Cultura a Albar Quercus
253	21/12/2010	Altas no padrón de habitantes en Noval, 3 - Cerdido
254	22/12/2010	Bases da bolsa de contratación para socorrista acuático – monitor de natación
254-a	22/12/2010	Aprobación de pagos



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

255	23/12/2010	Licenza de obras a M ^a . Andrea Bellas López para substitución do tellado en Campo da Igrexa 7
256	23/12/2010	Prórroga da autorización á asociación AFAES Porta Nova para uso do local da Avisperia
257	27/12/2010	Aprobación da adquisición dunha parcela en Felgosas
258	27/12/2010	Aprobación do expediente de contratación Construción dunha nave para maquinaria agrícola
259	27/12/2010	Contratación auxiliar de axuda no fogar por baixa
260	27/12/2010	Aprobación de pagos
260a	27/12/2010	Expediente de transferencia de créditos de seguridade social
261	31/12/2010	Aprobación de pagos
Xaneiro 2011		
1	10/1/2011	Renovación do contrato da animadora socio-cultural
2	12/1/2011	Licenza de obras a Francisco J. García Sabán para substitución do tellado en Rebordaos 11
3	13/1/2011	Autorización de uso da Casa da Cultura a Albar Quercus curso de bolillos
4	13/1/2011	Autorización de uso da Casa da Cultura a Albar Quercus curso de bordado
5	14/1/2011	Autorización de uso da Casa da Cultura ó concelleiro Benigno Galego Castro
6	14/1/2011	Autorización de uso do Castro a Teresa Carrodegua Graña
7	17/1/2011	Lista de admitidos para a bolsa de socorrista acuático
8	17/1/2011	Solicitude de presuposto para instalación de refuxios de viaxeiros
9	24/1/2011	Complemento de produtividade 1º semestre 2011
10	24/1/2011	Autorizar a instalación dunha antena na torre do coto da Ameneira ó Concello de Moeche
11	25/1/2011	Autorización de uso do Castro a Noelia Verdial López
12	25/1/2011	Autorización de uso da Casa da Cultura ó concelleiro Cándido Prieto Lago
13	27/1/2011	Contratación de socorrista
14	27/1/2011	Solicitude de subvención á Deputación para programa de especialización da formación
15	27/1/2011	Solicitude de subvención á Deputación para programa Hábitos
16	27/1/2011	Solicitude de subvención á Deputación para formación básica de coidadores non profesionais
17	28/1/2011	Solicitude de subvención á Deputación para mellora da nave almacén municipal
Febreiro 2011		
18	3/2/2011	Solicitude de subvencións para o fomento de emprego
19	3/2/2011	Devolución da garantía da obra Camiño Fercoi a Casaldaia
20	7/2/2011	Inicio do expediente de contratación da obra Camiño Carreiro da Bola – Riba de Arriba
21	8/2/2011	Recurso contencioso – administrativo presentado por AXA Seguros S.A

22	8/2/2011	Remisión de documentación ó xulgado polo recurso contencioso – administrativo
23	8/2/2011	Autorización de uso da Casa da Cultura ó concelleiro Cándido Prieto Lago
24	14/2/2011	Autorización de uso do local da Avispeira a Albar Quercus
25	14/2/2011	Autorización de uso do Castro a Arumes do Castro
26	14/2/2011	Autorización á Comisión de Festas dos Casás para peche de vía municipal
27	14/2/2011	Autorización á Comisión de Festas dos Casás o uso do equipo de megafonía municipal
28	16/2/2011	Fusión das seccións 1 e 2 do Padrón municipal de habitantes
29	17/2/2011	Solicitude de subvención para financiamento de proxectos en materia de xestión de residuos
30	17/2/2011	Declarar deserto o expediente de contratación 06/2010 construción de nave
31	18/2/2011	Licenza de obras a José Otero Fresoco para movemento de terras en Vila da Igrexa 18
32	21/2/2011	Desestimar o recurso de reposición do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro solicita aclaración sobre o contido dos seguintes decretos:

Nº 249/2010. A Alcaldesa explica que o un procedemento contencioso administrativo presentado pola asociación de gasoleiras porque entende que se están a realizar obras na zona da Serra.

Nº 249/2010 – O expediente de contratación da nave para almacén de maquinaria agrícola de Os Casas

Nº 8/2011.- Descoñece o seu contido, vaino consultar

Nº 10/2011.- É para a autorizar a colocación dunha antena para ter cobertura wifi o concello de Moeche

Nº 14/2011.- Solicitude de subvención para cursos pero non sabe que cursos en concreto, pensa que os relacionado con cultura, vaino consultar

Nº17/2011.- Solicitude dunha subvención para recebar a nave da feira e pintala e realizar un cuarto de baño

Nº 18/2011.- Solicitude dunha subvención a consellería de traballo para contratación de persoal e vai consultar o numero total de traballadores solicitados


Nº21/2011. Un procedemento contencioso. Administrativo por un accidente nunha via municipal por invasión dun corzo.

Nº 28/2011. A fusión dos distritos electorais pero o numero de mesas non varia

nº 29 /2011. Solicitude dunha subvencionan para o transporte de RSU, para instalar un mini punto limpo, para reciclar aceite de cociña e para fomentar o uso dos composteiros.

Nº 32/2011. É un recurso interposto polo colexio de licenciados en educación física porque entenden que o posto de socorrista- monitor de natación debe ser ocupado por un Técnico Superior en actividades deportivas.

11,- MOCIONS DE URXENCIA:Non se presentaron



12.- ROGOS E PREGUNTAS

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro afirma que presentou un rogo por escrito sobre a recollida de aceite de cociña que a a alcaldesa contesta que xa se solicitou unha subvención para este tema. Si mesmo realiza as seguintes preguntas:

1.- Que axudas solicitou o Concello dentro do plan de Costa Noroeste dende o ano 2008?.

A Alcaldesa aclara que Costa Noroeste empezou a funcionar no ano 2010 e por agora non se solicitou nada, esta a estudar a posibilidade de plantear investimento na mellora do acceso a internet

2.- Que axudas solicitou o Plan Ferrol nestes últimos catro anos ?

A Alcaldesa afirma que estas axudas non son o 100% e que oscilan entre o 50% e o 20% do investimento e que non hai cartos dispoñibles para facer fronte a posible aportaron municipal

3.- Que axudas solicitou o Plan de Dinamización Turística da Deputación ?

A Alcaldesa engade que dentro deste plan fíxose o paseo polo río Pontellas e non se solicitou mais porque o plan no ten mais fondos dispoñibles.

4.- Para que van a ir destinado os terreos que se compraron en Felgasas e que extensión teñen ?

A Alcaldesa afirma que se compraron os terreos para ter patrimonio o concello e se usaran para o que se precise porque o concello non conta con patrimonio suficiente e as veces xurde algunha posibilidade de investimento e non se ten os sitio para ubicalo en canto a extensión non o sabe con exactitude

5.- Como esta o expediente de contratación para a nave en Os casas e solicita que se lle facilite permiso para ver todos os contratos menores

A Alcaldesa afirma que se invitou a cinco empresas e que ningunha presentou oferta dado que lles parece que son poucos cartos.

6.- Onde esta a proposta que se ía traer ao pleno derivada do pleno extraordinario solicitado ?

A Alcaldesa afirma que non trae unha proposta senon un informe técnico que reparte entre os Concelleiros, para que se valore e logo teremos unha reunión para comentalo e valoralo.

7.- Cando se vai a ter a reunión cos propietario do polígono industrial e cos promotores da urbanización ?

A Alcaldesa afirma que a vindeira semana terá unha reunión polo polígono e despois terá a reunión cos da Urbanización.

Asi mesmo o Concelleiro advirte a Alcaldesa que roubaron unha toma de terra no transformador do Covelo, a Alcaldesa manifesta que a empresa Fenosa xa o sabe e o repoñerá pronto. Tamén advirte a Alcaldesa que non lle parece ben que a súa ausencia sexa substituída polo Concelleiro D. José Cupeiro porque esta ausente do termino municipal.

E, non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as catorce horas e vinte minutos do dia vinte e oito de febreiro de 2011. Do que eu como Secretaria dou fe:

A Secretaria

A Alcaldesa

Asdo. Paula Díaz Tie

Asdo. Ana Rodríguez Montero